



Convocatoria bolsas Erasmus + para ESTUDANTES de CICLOS SUPERIORES 2021/2022

Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto fomentar que os estudantes dos ciclos formativos de grado superior de réxime ordinario do instituto realicen unha mobilidade a un país da Unión Europea co fin de mellorar o seu desenvolvemento persoal, profesional e lingüístico.

Número de bolsas Erasmus+

3 correspondientes ao *Proxecto Erasmus+ 2020-1-ES01-KA103-078285*

As becas son para a realización do módulo de FCT nunha empresa europea ou, se non fose posible, para facer prácticas voluntarias en empresas, tanto os alumnos recentemente titulados como os alumnos que estén cursando Ciclo Superior de FP.

Terá preferencia o alumnado que vaia facer o módulo de FCT, que terá una duración de 90 días e se realizará, si é posible, no terceiro trimestre do curso 2021-2022.

Prazo de presentación de solicitudes

A solicitude da bolsa para a presente convocatoria poderá presentarse desde o día 11 de novembro de 2021 ata o 18 de novembro de 2021 inclusive.

Formalización das solicitudes e documentación

No apartado Erasmus+ da página web do noso instituto <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/erasmusplus> pódese descargar o formulario de inscrición, consultar os criterios de selección e a documentación a presentar, así como presentar a solicitude, que se recollerá unicamente por medios electrónicos.

Vigo, 10 novembro 2021

A coordinadora de Erasmus+